



Reducirase un 5% a masa salarial destinada ao persoal funcionario que presta servizo no Parlamento de Galicia

A presidenta do Parlamento reúnese coa Xunta de Persoal da Cámara para presentarles a proposta de recorte salarial

Santiago, 21 de xuño de 2010.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, reuniuse este mediodía cos integrantes da Xunta de Persoal da Institución para trasladarles o contido da proposta de redución salarial que previsiblemente vai aprobar a Mesa do Parlamento.

A proposta contempla unha redución media do 5% no total da Mesa salarial destinada ao persoal funcionario ao servizo do Parlamento de Galicia, en aplicación do Real Decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, e de acordo co Proxecto de Lei de modificación da lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 2010.

Unha vez aprobada, a redución salarial do persoal do Parlamento terá efectos, ao igual que para os deputados, a partir do 1 de xuño de 2010, de xeito que todos os afectados xa verán recurtado o soldo na vindeira nómina.

De acordo con esta mesma proposta, o salario dos deputados será recurtado nun 10%, o dos membros da Mesa e dos portavoces dos grupos parlamentarios nun 12% e o da presidenta do Parlamento nun 15%.

Se ben a reunión da Mesa do Parlamento na que se ía acordar a proposta de redución salarial plantexada por Pilar Rojo se ía celebrar hoxe ás 18,30 horas, foi finalmente aprazada ata as 09,30 horas de mañá martes, para facilitar a asistencia ao funeral que esta tarde se oficiará en Ourense en memoria do ex presidente da Cámara, Victornino Núñez, falecido o pasado sábado.

A reunión deste mediodía supuxo, ademais, unha primeira toma de contacto de Pilar Rojo cos integrantes da Xunta de Persoal, aos que felicitou pola súa recente elección, xa que hai escasas datas que se celebraron eleccións sindicais no Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación.